



*CONCELLO DE O BOLO  
RÚA CÉSAR CONTI, 33  
32373 O BOLO (OURENSE)*

## **REGULAMENTO DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE O BOLO**

### **Capítulo primeiro.- Das honras do Concello**

#### **Artigo 1º.**

1.- O concello de O Bolo poderá conferir as seguintes honras e distincións para premiar especiais merecimentos ou servizos extraordinarios ao municipio:

1. Título de fillo predilecto
2. Título de fillo adoptivo
3. Nominacións de edificios, vías, plazas, etc

2.- As distincións sinaladas son meramente honoríficas, sen que confiran ningún dereito económico nin administrativo.

#### **Artigo 2º.**

1.- Ningunha das precedentes distincións e honras poderá ser outorgada a persoas que desempeñen altos cargos na Administración respecto dos cales se atope a Corporación en relación de subordinación xerárquica, función ou servizo, en tanto subsistan estes motivos. Tampouco aos membros da Corporación en exercicio.

2.- A concesión das distincións honoríficas expresadas deberá ir precedida do cumprimento das normas establecidas no presente Regulamento.

### **Capítulo segundo.- Dos títulos de Fillo Predilecto e de Fillo Adoptivo.**

#### **Artigo 3º.**

1.- A concesión do título de Fillo Predilecto de O Bolo só poderá recaer en aqueles que naceran no municipio, e destacaran de forma extraordinaria por cualidades ou méritos persoais ou por servizos prestados en beneficio e honra de O Bolo, e que haxan alcanzado consideración indiscutible no concepto público.

2.- A concesión do título de Fillo Adoptivo de O Bolo poderá outorgarse a aquelas persoas que, sin nacer no municipio, reúnan as circunstancias sinaladas no párrafo anterior.

3.- Tanto o título de Fillo Predilecto como o de Fillo Adoptivo poderán ser concedidos, a título póstumo, sempre que no finado concorriran os merecimentos antes mencionados.

#### **Artigo 4º.**

1.- Os títulos de Fillo Predilecto como o de Fillo Adoptivo, ambos por igual, constitúen a maior distinción do Concello, por lo que a súa concesión farase sempre empregando criterios restrictivos.



*CONCELLO DE O BOLO  
RÚA CÉSAR CONTI, 33  
32373 O BOLO (OURENSE)*

2.- Os títulos anteriores terán carácter vitalicio e, unha vez outorgados tres para cada un deles, non se poderán conferir outros mentres vivan as persoas favorecidas, a menos que se trate dun caso moi excepcional, a xuício da Corporación, que deberá declarar esa excepcionalidade previamente en sesión plenaria e por unanimidade.

### **Artigo 5º.**

1.- A concesión dos títulos de Fillo Predilecto e de Fillo Adoptivo será adoptada polo Pleno do Concello, previo expediente no que deberán quedar acreditados os merecimentos que xustifiquen estas honras.

2.- Acordada a concesión de calquera dos títulos anteriores, a Corporación municipal sinalará a data en que se reunirá para facer entrega ao agraciado en sesión solemne do diploma, e/ou placa e/ou la insignia que acrediten a distinción.

3.- O expresado diploma deberá extenderse nun pergamino coa seguinte lenda:

“O Excmo. Concello de O Bolo dexando quede constancia do agradecimento e interpretando o sentir xeral do seu vecindario, honrase en conceder a ----- o merecido e honroso título de FILLO PREDILECTO/ADOPTIVO DE O BOLO, como público recoñecemento dos singulares méritos adquiridos na súa labor constante en pro dos intereses deste municipio.

En O Bolo a ----- de -----de-----.

O SECRETARIO

O ALCALDE

4.-O contido da placa será o mesmo que o recollido no apartado anterior para o diploma, variando unicamente o soporte físico (papel ou outro material similar no caso dos diplomas, e metal ou outro material similar no caso das placas).

5.-A insignia conterá: o nome do honrado, a súa condición de fillo predilecto ou fillo adoptivo, o escudo municipal, e as verbas “Concello de O Bolo”, seguidas da data do Acordo Plenario no que se concedeu a distinción.

### **Artigo 6º.**

A Corporación municipal poderá invitar ás persoas as que concedeu os títulos de fillo predilecto ou fillo adoptivo, a actos ou solemnidades nos que a Corporación participe, ocupando neles o lugar que lles sexa sinalado.

### **Artigo 7º.**

As persoas a quenes se lles concedan estes nomeamentos non terán por este feito ningunha facultade para intervir no goberno nin administración municipal.

## **Capítulo Tercero.- Das nominacións de edificios, vías, plazas, etc.**

### **Artigo 8º.**



*CONCELLO DE O BOLO  
RÚA CÉSAR CONTI, 33  
32373 O BOLO (OURENSE)*

- 1.- Ordinariamente, a nominación de edificios, vías, plazas, etc. rexirase pola súa normativa xeral.
- 2.- Non obstante o anterior, cando o nome elixido sexa o dunha persoa en vida, ou que houbera finado nos últimos 25 anos, rexirase polo disposto neste Regulamento.
- 3.- A nominación de edificios, vías, plazas, etc. é unha distinción que o Concello destinará a realzar singulares merecimentos de persoas e entidades exercidas en beneficio do municipio ou da comunidade en xeral, facéndolles perdurar na memoria dos cidadáns.
- 4.- A nominación de edificios, vías, plazas, etc. requerirá a tramitación do correspondente expediente regulado no el capítulo IV deste Regulamento.  
Non obstante, si aquel ao que se vai a honrar coa nominación dun edificio, vía, plaza, etc. Xa foi distinguido como fillo predilecto ou fillo adoptivo, o expediente non requerirá máis que o Acordo adoptado polo Pleno do Concello por dúas terceiras partes dos Concelleiros asistentes á sesión, e que en todo caso supoñan a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.
- 5.- Nun mesmo Acordo e coa tramitación do mesmo expediente poderase conceder a distinción de fillo predilecto o fillo adoptivo e a nominación dun edificio, vía plaza, etc. nos supostos do parágrafo dous deste artigo.

#### **Artigo 9º.**

- 1.- O descubrimento dunha placa que dé nome a un edificio, vía, plaza, etc. Efectuarase nun lugar significado do mesmo. Producirase coa solemnidade requerida e anunciándose previamente, se ben terase que contar co consentimento do homenaxeado ou dalgún dos seus familiares no suposto de homenaxe póstumo.

#### **Capítulo Cuarto.- Do procedemento de concesión de honras**

#### **Artigo 10º.**

- 1.- A concesión das honras a que se refire este Regulamento requerirá a instrución previa do oportuno expediente que sirva para determinar os méritos ou circunstancias que aconsellen aquela concesión.
- 2.- O expediente iniciarase mediante Providencia de Alcaldía, a iniciativa propia, a requerimento dunha terceira parte dos membros que integran a Corporación municipal, con motivo de petición razoada dun organismo oficial, entidade ou asociación de recoñecida solvencia ou por iniciativa popular refrendada por un número de firmas igual al menos ao 20% do último Censo electoral. Cando a proposta se refiera a un funcionario da Corporación, seralle aplicable ademáis o disposto na normativa sobre función pública.
- 3.- Na Providencia de Alcaldía designarase entre os concelleiros un instructor do expediente.



*CONCELLO DE O BOLO  
RÚA CÉSAR CONTI, 33  
32373 O BOLO (OURENSE)*

### **Artigo 11º.**

1.- O instructor practicará cantas dilixencias estime necesarias para investigar os méritos do proposto, solicitando informes e recibindo declaración de cantas persoas ou representantes de entidades poidan suministrar datos, antecedentes ou referencias que conduzan ao esclarecemento de aqueles.

2.- Terminada a práctica de cantas dilixencias foran acordadas, o instructor formulará proposta acompañada de Memoria xustificativa, que se expondrá a información pública, mediante publicación, al menos, no Taboleiro de edictos do Concello, durante un prazo de 20 días.

3.-Finalizado o período de información pública, a proposta do instructor xunto coa Memoria xustificativa e no seu caso as alegacións presentadas, elevaranse ao Alcalde, que poderá acordar a ampliación de dilixencias ou aceptar plenamente a proposta, en cuio caso será sometida ao Pleno para que adopte o correspondente acordo.

3. Finalmente, o Acordo deberá ser adoptado polo Pleno do Concello por dúas terceiras partes dos Concelleiros asistentes á sesión, e que en todo caso supoñan a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación

### **Artigo 12.**

Cando circunstancias de tempo debidamente xustificadas así o aconsellen, o procedemento regulado anteriormente poderá ser substituído por un procedemento de urxencia no que soamente se precisará: Memoria xustificativa, tanto dos méritos honrado, como da urxencia; Acordo adoptado polo Pleno do Concello por dúas terceiras partes dos Concelleiros asistentes á sesión, e que en todo caso supoñan a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

### **Artigo 13º.**

1.- Un extracto dos acordos da Corporación outorgando cualquiera das honras citadas deberá inscribirse nun Libro Rexistro de Honras, que ao efecto se creará e que estará a cargo do titular da Secretaría d Concello.

2.- O Concello poderá privar das distincións que son obxeto deste Regulamento, coa conseguinte cancelación do asento no Libro Rexistro, calquera que sexa a data en que houberan sido conferidas, a augeles que incurran en faltas que aconsellen esta medida extrema ou modifiquen tan profundamente a súa anterior conducta que os seus actos posteriores fágano indigno de figurar entre os galardonados. O acordo da Corporación no que se adopte esta medida, irá precedido da proposta e informe da Alcaldía, e requerirá o mesmo número de votos que foi necesario para outorgar a distinción de que se trate.

### **Artigo 14.**



*CONCELLO DE O BOLO  
RÚA CÉSAR CONTI, 33  
32373 O BOLO (OURENSE)*

- 1.- As honras ca Corporación poida outorgar ao Rei ou outros membros da Familia Real non requirirán outro procedemento que a previa consulta á Casa de Su Majestad, e a súa aprobación polo Pleno da Corporación sen requirirse maioría especial.
- 2.- En ningún caso se incluírán no cómputo numérico que como limitación establece o presente Regulamento.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

O presente Regulamento, que consta de catorce artigos, entrará en vigor trala publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril.

Dilixencia.- A poño eu, Secretario-Interventor para facer constar ca presente ordenanza foi aprobada definitivamente mediante anuncio no BOP nº 111 de 15/05/2008. O Bolo a 16/05/2008.  
Asd.: Manuel Martínez Varela